

Suxestión dirixida ao Concello de Cangas para que: -se adopten cantas medidas sexan necesarias para garantir a calidade do subministro de auga potable na Fonte do Enxerto tal e como establece o *Real Decreto 3/2023, de 10 de enero, por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de la calidad del agua de consumo humano, su control y suministro*”, implementando unha solución técnica que supere definitivamente a problemática que reiteradamente afectou a dita fonte.

e

- que de ser o caso que nesa fonte ou en calquera outra do concello, confirmada unha contaminación; se informe á poboación e se adopten cantas medidas sexan necesarias para evitar o consumo da auga ata que sexan recuperados os valores paramétricos que garantan a súa inocuidade, practicando actuacións efectivas que permitan poñer fin á problemática

Expediente: C.8.Q/11864/24

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito da Asociación Veciñal Nós e no seu nome XXX, referente a auga para o consumo humano contaminada nunha fonte pública de Cangas.

#### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO:** En data do 17/06/24 (XXX) o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica esencialmente que:

No seu escrito, indícanos que:

“Auga de fonte pública contaminada, co perigo que supón para a saúde da veciñanza ante a posible insalubridade da auga para o consumo humano.

Incumprimentos do Concello de Cangas de realizar obras para solucionar o problema.”

Ampliación a exposición da queixa:

“Por medio do presente escrito, EXPÓN:

Primeiro.- Que por parte do Concello autorizouse a UTE a realizar obras que significaron, que na fonte e no lavadoiro do Enxerto se instalaran tubaxes de saneamento, para o que se pasou por enriba da mina e diante da fonte e polo interior do lavadoiro.

Que ditas obras se realizaron sen solicitar autorización preceptiva, nin da Xunta de Galicia nin de Augas de Galicia.

Segundo.- Que xa no 16-02-2016, a veciñanza despois de reclamar solucións o Concello polo que supuxo na contaminación da fonte pública, e ante a falta de respostas, o denunciou á Xunta de Galicia.

Dende a Xunta de Galicia lles responderon, indicándolles: “que é competente quen autorizou ditas obras de urbanización da contorna.

Augas de Galicia como organismo competente da xestión do Dominio Público Hidráulico e do uso da auga non se fai cargo do mantemento das instalacións e modificacións realizadas sobre os leitos das correntes naturais de auga sen coñecemento nin autorización desta administración, así como dos danos derivados das mesmas.

De todo o exposto anteriormente considéranse responsables dos traballos mantemento, limpeza e dos danos que se puideran ocasionar con motivo das mesmas ás administracións, promotores de obras ou particulares que realizaron os traballos de canalización,...”.

Terceiro.- Que a parte principal da nosa solicitude sempre foi eliminar o saneamento público na zona da fonte e do lavadoiro do Enxerto, baixo dúas premisas:

1ª Evitar as contaminacións do manancial, co problema de saúde que supón para a veciñanza, pois a partir das obras a fonte estivo en varias ocasión contaminada, as analíticas o demostraban.

2ª Poder reparar en condicións de seguridade a zona do lavadoiro, que implique condicións ergonómicas para efectuar o lavado da roupa.

Cuarto.- Ante a nosas denuncias en xullo de 2018, o Concello de Cangas procedeu a realizar obras no entorno da fonte e do lavadoiro do Enxerto, sen proceder a eliminación do saneamento, unha vez mais sen solicitar a autorización preceptiva, nin da Xunta de Galicia nin de Augas de Galicia.

Quinto.- Que con data 30-09-2021, recibimos o resultado das analíticas realizadas por FCC-aqualia (axuntamos copia), en data 22-06, e sobre os datos da Fonte do Enxerto, ao comprobar os resultados vemos que:

- O reconto de bacterias coliformes – 36 NMP/100 ml

- O reconto de E. Coli – 2 NMP/100 ml

- Esterococos – 20 ufc/100 ml

Sexto.- Que con data 29-09-2021, recibimos o resultado das analíticas realizadas por FCC-aqualia (axuntamos copia), en data 21-06, e sobre os datos da Fonte do Enxerto, ao comprobar os resultados vemos que:

- O reconto de bacterias coliformes – 15 NMP/100 ml

- O reconto de E. Coli – 1 NMP/100 ml

- Esterococos – 4 ufc/100 ml

Sétimo.- Que unha vez comprobadas polas analíticas que a citada fonte tiña problemas de contaminación, polo que mantivemos varias reunións co equipo de Goberno e coa UTE, para buscarlle una solución.

Deuse a circunstancia de que na zona estase construíndo unha nova vivenda, solicitando da UTE a conexión o saneamento público, tendo unha reunión na zona co encargado da UTE, Sr. XXX

En data 23-01, mantivemos reunión coa Alcaldesa Sra. XXX e coa arquitecta municipal XXX, para ver como se podía dar solución o problema da fonte e do río do Enxerto, e o mesmo tempo a conexión desa nova vivenda o saneamento público e outra que carecía del.

En data 24-01-2023, seguindo as súas instrucións presentamos un escrito de solicitude de arranxo con RE-988/23 (que axuntamos).

Oitavo.- En data 10-03; visitaron a zona a alcaldesa Sr. XXX, o Xerente da UTE, Sr. XXX e o Sr. XXX, xunto co presidente desta asociación, chegando os seguintes acordos:

- Que debido a que o Concello de Cangas, tiña os presupostos prorrogados dende o ano 2020, tendo só unha dispoñibilidade para saneamentos de 71.000 €, a obra se realizaría en dous tramos.

- Que o proxecto o realizará a UTE

Décimo.- No 06-07-2023 Reunión coa alcaldesa Sra. XXX, no punto 2º, tratamos os saneamentos: Rúa Toxeira, fonte e lavadoiro do Enxerto e rúa Choupana interior, sinalámoslle as problemáticas de cada un deles, as xestións realizadas e os acordos.

Onceavo.- Que na reunión mantida o día 22-11-2023 co equipo de Goberno (Sra. XXX, Sra. XXX e Sr. XXX), co fin de aportar aos orzamentos, no punto 3º, voltamos a incidir sobre os saneamentos: Rúa Toxeira, fonte e lavadoiro Enxerto e rúa Choupana interior, volvendo a relatar as problemáticas de cada un deles, as xestións realizadas e os acordos, e solicitabamos a inclusión destas obras nos orzamentos.

Doceavo.- Mantivemos varias reunións coa UTE, para preguntar se tiñan realizado o proxecto e si por parte do Concello, lles deran algunha orde, indicándonos na última que o proxecto xa llo fixeran chegar o Concello, e unha vez comprobado pola Asociación, comentámoslle a UTE que existía un erro pola inclusión dun bombeo.

Doceavo.- En data 20-02-2024, coa arquitecta municipal, Sra. XXX, notificándolle que no proxecto que remitiu a UTE, existe un erro pola inclusión dun bombeo.

Treceavo.- Que na xuntanza mantida o día 28-02-2024 co equipo de Goberno (Sra. XXX, Sra. XXX e Sr. XXX), no punto 2º faise referencia unha vez mais os saneamentos da Rúa Toxeira, rúa Enxerto (incluíndo a retirada do existente por enriba da mina da fonte e polo lavadoiro do Enxerto) e no camiño da Choupana interior, no que participa.

O Concelleiro de Urbanismo Sr. XXX, se compromete que o seu departamento irá preparando o proxecto da rúa Toxeira, para ver a súa inclusión no Plan + Provincia.

- Saneamento do Camiño do Enxerto, van traballar sobre o proxecto da UTE, e terán que decidilo.

- Saneamento rúa Choupana interior, comprobar a cantas persoas afecta.

Catorceavo.- Despois de varias reunións co concelleiro de Urbanismo Sr. XXX e coa arquitecta municipal, Sra. XXX, ao non conseguir aprobar os presupostos, acordamos solicitar a presentación dunha moción, algo que fixemos en data 18-03-2024, co RE-1975/24, para incluír esta obra no plan de inversións da UTE, moción que despois non se levou a pleno.

Quinceavo.- En datas do 09, 10 e 13-05-2024, mantivemos varias reunións co concelleiro de Urbanismo Sr. XXX e coa arquitecta municipal, Sra. XXX, para unha vez realizado o proxecto ver se incluían con fondos propios (dun remanente que dispoñían), para poder executar a obra da fonte e do lavadoiro do Enxerto e o mesmo tempo a conexión desa nova vivenda o saneamento público, ver a posibilidade de realizar o da Choupana interior.

Dezaseisavo.- Reunida o día 14-5-2024 a Comisión de Goberno, acordan executar a obra da fonte e do lavadoiro do Enxerto e o mesmo tempo a conexión desa nova vivenda o saneamento público. Séndonos notificado dito acordo polo Concelleiro de Urbanismo XXX

Dezaseteavo.- O día 23-05-2024, por parte do Concelleiro de Urbanismo Sr. XXX, se nos fai chegar que non se vai realizar a da fonte e do lavadoiro do Enxerto nin a conexión desa nova vivenda o saneamento público, a pesar de dar o visto bo na xuntanza do día 14. Ante ese incumprimento, solicitamos reunión coa alcaldesa.

Décimo oitavo.- Na reunión coa alcaldesa do 28-05-2024, nos confirma que non se vai realizar esa obra, aducindo que a Concelleira de Obras e Servizos chegou a un acordo cos propietarios da vivenda de nova construción, que en contacto telefónico promovido por esta Asociación a propietaria lle nega dito acordo a alcaldesa.

Décimo noveno.- Pero nós entendemos que con independencia que existira ou non ese acordo coa propietaria da vivenda, nada diso soluciona o de que pola fonte e o lavadoiro do Enxerto se instalaran saneamentos, para o que se pasou por enriba da mina e diante da fonte e polo interior do lavadoiro, que a día de hoxe segue sen corrixirse dita anomalía.

Vixésimo.- Que son varios os membros da veciñanza que nos notificaron que teñen problemas estomacais, e inclusive varias veciñas foron a realizar as protestas ante a UTE.

Vixésimo primeiro.- O día 30-05-2024, solicitamos ao Concello as analíticas, para poder comprobar a situación de salubridade das fontes. No día de hoxe se nos fixo chegar o resultado das analíticas (axuntamos copia).

Que son bos e nos tranquilizan un pouco en canto os problemas estomacais da veciñanza, posiblemente non proceden de consumir auga da fonte.

Aínda que esas mostras non deixan de ser dun día determinado, e nada nos da garantías que outros días si existira contaminación da fonte.

Vixésimo segundo.- Que segundo o RD 3/2023, “a auga deberá ser salubre e limpa polo que non deberá conter ningún tipo de microorganismo, parasito ou sustancia .....

Para evitar riscos para a saúde, as fontes públicas, que os Concellos lles conste, que se empregan para o consumo humano, deben ser controladas”.

Segundo a guía sanitaria GC-13T-02-01-08, actualizada a marzo 2024, “os Concellos no ámbito do seu territorio deberán sinalar, manter e analizar as fontes públicas”.

**SEGUNDO.-** A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Cangas con data do 01/07/24 (R.S.11486/24).

**TERCEIRO.-** Con R.E.16976/24 de data 15 de xullo, recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“Que consultado o Concelleiro de Medio Ambiente informa que xa se lle remitiu ao interesado informe coas análises das fontes públicas de ano 2024 remitido pola UTE ao Concello de

Cangas con data 14 de Xuño de 2024 e rexistro de entrada 2024-E-RE-4452 no que se reflexa a toma de 21 de maio de 2024 da Fonte Enxerto (San Pedro) con código de mostra líquida en varios envases C1-24-002845 e sen incidencias.

Visto o que antecede, SOLICITO:

Que se teña por cumprimentado o requirimento de información da Valedora do Pobo emitido na tramitación do expediente C.8.Q/11864/24 de 28 de xuño de 2024, notificado a este Concello en data 3 de xullo de 2024, con rexistro de entrada numero. 2024-E-RC-7975.”

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

**Primeira:** A problemática en que se basea esta queixa cómpre abordala nun dobre sentido, por unha banda a *“auga dunha fonte pública contaminada, co perigo que supón para a saúde da veciñanza ante a posible insalubridade da auga para o consumo humano.”*, como manifesta o promotor do expediente que solicita a intervención da Valedora do Pobo en representación dunha asociación veciñal e por outra, os *“Incumprimentos do Concello de Cangas de realizar obras para solucionar o problema”*.

**Segunda:** Con respecto ao primeiro aspecto, no informe remitido polo ente local consta literalmente que : *“xa se lle remitiu ao interesado informe coas análises de fontes públicas do ano 2024 remitido pola UTE ao Concello de Cangas con data 14 de Xuño de 2024 e rexistro de entrada 2024-E-RE-4452 no que se reflexa a toma de 21 de maio de 2024 da Fonte Enxerto (San Pedro) con código de mostra líquida en varios envases C1-24-002845 e sen incidencias.”*

Con respecto ao segundo, referido nos expositivos primeiro a vinte do escrito de interposición da queixa, nada se fai constar no informe remitido á Valedora do Pobo, polo que se formulará unha resolución a ese Concello de Cangas.

**Terceira:** a asociación que promove esta queixa amosa inquedanza sobre os subministros de auga nese concello, nomeadamente na Fonte e no lavadoiro do Enxerto logo da realización de certas obras. Os resultados das analíticas, segundo fan constar no escrito de queixa

arroxarían valores preocupantes sobre a calidade da auga, o que motivou alarma social na veciñanza.

Por conseguinte, á administración responsable, cómprelle permanecer vixiante ante calquera posible alteración da auga desa fonte, para reaccionar de forma efectiva implementando cantas medidas correctoras ou paliativas sexan necesarias para recuperar a normalidade no subministro.

Constitúe un deber para as administracións públicas contribuír a garantir o dereito de toda a veciñanza a consumir auga potable de calidade sen poñer en risco a saúde pública polo seu consumo.

**Cuarta:** a prudencia e a protección da saúde pública aconsellan non so a divulgación da información obtida en relación coa situación de calquera abastecemento para que os consumidores adopten as medidas de autoprotección necesarias, senón tamén a adopción de medidas inmediatas de limitación do consumo e correctoras para a redución/eliminación dos elementos contaminantes que puideran reflectir os valores das analíticas efectuadas a auga.

**Quinta:** a administración local é a responsable de garantir a calidade sanitaria do subministro de auga potable á poboación (artigo 4.1 *Real Decreto 3/2023, de 10 de enero, por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de la calidad del agua de consumo, su control y suministro*) en calquera dos puntos nos que o consumo de auga sexa posible; polo tanto, como é evidente, nas redes públicas de subministro, pero tamén nos puntos de abastecemento “informal” como poden ser as fontes nas que por tradición ou costume a veciñanza tamén se aprovisiona de auga para beber.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Cangas a seguinte **suxestión:**

“PRIMEIRA: que se adopten cantas medidas sexan necesarias para garantir a calidade do subministro de auga potable na Fonte do Enxerto tal e como establece o *Real Decreto 3/2023, de 10 de enero, por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de la calidad del agua de consumo humano, su control y suministro*”, implementando unha solución técnica que supere definitivamente a problemática que reiteradamente afectou a dita fonte.



SEGUNDA: que de ser o caso que nesa fonte ou en calquera outra do concello, sexa confirmada unha contaminación; se informe á poboación e se adopten cantas medidas sexan necesarias para evitar o consumo da auga ata que sexan recuperados os valores paramétricos que garantan a súa inocuidade, practicando actuacións efectivas que permitan poñer fin á problemática.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo